

Do 19 ao 25 de novembro vestimos Laxe de negro

“Laxe en negro”. Propoñémosvos vestir de loito o noso concello, en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia, e como resposta a máis dura das súas consecuencias, a morte. Porque consideramos que tedes o protagonismo das rúas de Laxe, e sodes o gran escaparate que pode transmitir á cidadanía a mensaxe de denuncia e solidariedade: **queremos Laxe libre de violencias machistas!**

Do 19 ao 25 de novembro, viste a túa tenda, comercio, empresa, bar, posto do mercado, etc. de negro, viste os manequíns, os manteis do teu restaurante, ou a ti mesmo/a de negro.

Esta campaña desenvolverase conxuntamente con outras 88 vilas e cidades galegas baixo o lema **En Negro Contra As Violencias** co obxectivo de poñer sobre as axendas, coa maior contundencia posible e dunha vez por todas, a violencia machista como un problema público, de toda a cidadanía.